


GUÍA DE RECURSOS EDUCATIVOS residuos, compostaxe e horta escolar

PONTE A ZERO

2023



Coordinación

Carlos Vales, director-xerente do CEIDA

Elaboración

Ana Pardo

Laura Sánchez

Centro de Documentación Ambiental Domingo Quiroga

Edita

CEIDA

Coa colaboración de

Deputación de Pontevedra

Decembro 2023



PRESENTACIÓN

A xestión dos residuos é un dos principais problemas ambientais aos que diariamente se teñen que enfrontar os concellos. A Deputación de Pontevedra fai unha aposta clara pola colaboración cas corporacións locais en materia de xestión de residuos e de cara a cumprir a normativa vixente.

Co fin de educar e sensibilizar sobre a redución e boa xestión dos residuos urbanos, puxo en marcha no 2023 o programa educativo 'Ponte a Zero', dirixido aos centros educativos de infantil, primaria e secundaria da provincia.

Este programa está desenvolvido polo Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia (CEIDA) a través dun convenio de colaboración coa Deputación, e nel inclúense actividades nas aulas, xornadas de formación do profesorado, obradoiros e seminarios, entre outras.

Esta guía de recursos educativos, elaborada pola Biblioteca e Centro de Documentación Ambiental do CEIDA, inclúe información sobre os residuos urbanos, a compostaxe e as hortas escolares, e pretende servir como material de apoio aos centros participantes no programa educativo, e a todas as persoas que traballan no campo da Educación Ambiental vinculada aos residuos.

A maior parte dos documentos pódense descargar a texto completo ou visualizar a través da Rede, mais tamén inclúe recursos físicos dispoñibles en préstamo no centro.





ÍNDICE

Materiais técnicos para o persoal docente	3
Recursos didácticos para traballar na aula	16
Libros ilustrados e textos literarios para o alumnado	28
Documentais e vídeos didácticos	38
Centro de Documentación Ambiental.....	47




Materiais técnicos para o docente

[Libros, informes, recursos de referencia dirixidos ao persoal docente sobre os residuos urbanos, a compostaxe e a horta ecolóxica]



RESIDUOS URBANOS



Arnell, K. (2021). **Vivir sin generar residuos**

Roca Editorial

Este libro guiará ao lector polo camiño cara un estilo de vida libre de residuos, cos principios das 5R (reparar, reducir, reutilizar, reciclar e recuperar). Dende reducir os residuos de comida, ata elaborar produtos

de beleza e saúde feitos na casa, cara un estilo de vida sen lixo.



Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestrutura (2011). **Plan de xestión de residuos urbanos de Galicia (PXRUG) 2010-2020**

Xunta de Galicia

Aprobado en virtude de acordo do Consello da

Xunta de 13 de xaneiro de 2011, pretende dar cumprimento ao disposto pola Lei 10/2008 de residuos de Galicia en materia de difusión e publicidade, poñéndoo a disposición das Administracións afectadas, do público interesado e de toda a cidadanía galega.

<https://bit.ly/3q9dzB5>




Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio (2016). **Actualización do PXRUG: Plan de xestión de residuos urbanos de Galicia**

Xunta de Galicia

En decembro de 2016 aprobouse unha actualización

do PXRUG na que, entre outras cuestións, resolveuse ampliar a vixencia do PXRUG ata o ano 2022. Este documento recolle a súa actualización.

<https://bit.ly/3Cj8KYZ>



Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático (2020).

Estratexia Galega de Economía Circular

Xunta de Galicia

O 12 de decembro de 2019 aprobouse en Consello da

Xunta a Estratexia Galega de Economía Circular 2020-2030. Con este documento a Xunta de Galicia quere impulsar un cambio na próxima década que permita substituír o noso sistema económico e produtivo lineal por outro máis eficiente e racional, baseado na recuperación de materiais.

<https://bit.ly/3fjgeRH>



Elzer-Peters, K. (2020). **El huerto en la cocina: residuo cero**

Editorial Acanto


Que facer cos restos orgánicos que xeras na cociña?

Nesta guía atoparás toda a información que necesitas para cultivar e volver a propagar verduras a partir dos restos

culinarios, reduciendo así os residuos alimentarios. Inclúe experimentos científicos para facer cos máis pequenos da casa.

García, N. (2020). **Guía de medidas para prevenir y reducir el desperdicio alimentario**

Agencia Menorca Reserva de Biosfera, Consell Insular de Menorca



Propostas para reducir o desperdicio alimentario, poñendo énfase na súa prevención, e non tanto no reaproveitamento dos residuos xerados. As medidas están agrupadas en cinco decálogos, para que poidan ser impulsadas de forma específica dende os axentes do sector primario (especialmente o agrario), da comercialización, da hostalaría, da restauración colectiva e os consumidores.

<https://bit.ly/3o8BVb7>



Nicoli, E. (2021). **Adeus, plástico! chaves para unha vida sen residuos**

CatroVentos Editora
Sabías que, na historia de vida do plástico, só se reciclou menos do 10% producido, que na natureza hai espalladas 6.300 millóns de toneladas de plástico e que xa se atoparon

microplásticos en alimentos como o azucre, o sal ou o mel? Este libro explica o panorama actual con cifras e datos, e está ateigado de consellos prácticos para cambiar os nosos hábitos e reducir os refugallos que xeramos en na nosa vida cotiá.



Paniagua, J. M. (2022). **Basura: ¿qué pasa (de verdad) con nuestros residuos?**

Guadalmazán
Un recurso que aborda a historia dos residuos, desde o mundo rural ás grandes urbes; a loxística de recollida e almacenamento; os procesos

de separación e clasificación; as distintas

industrias de reciclaxe... así como moitos outros aspectos e coñecementos de forma amena e rigorosa, cunha ampla documentación gráfica, dando unha visión global sobre este sector e as súas perspectivas de futuro.



Ramírez, Y. (2020). **Residuo cero**

Editorial Titilante

O lixo que xeramos é un fiel reflexo de como vivimos neste planeta. Este libro invítanos a superar o devastador modelo de usar e tirar, a reflexionar sobre a forma na que

consumimos alimentos, moda,

cosmética, ... e dar un paso cara un consumo máis responsable, crítico e transformador, a partir da redución de residuos.



Rhoads, E. (2021). **Residuo cero: 365 consejos para reducir, reutilizar e reciclar**

Cinco Tintas

Guía paso a paso para incorporar sinxelos cambios no día a día que repercutirán positivamente no futuro do planeta. Erin Rhoads é unha

apaixonada defensora do estilo de vida «residuo cero», e neste libro ofrece un consello para cada día do ano.



Simon, J.M. (2017). **Residuo cero: cómo reactivar la economía sin cargarse el planeta**

Kaicron

Unha economía baseada no malgasto de recursos, está condenada á insostibilidade ambiental, económica e social.



Os residuos son o síntoma, a proba de que o sistema está mal deseñado. Este libro presenta unha alternativa ao sistema actual de xestión de recursos que é factible, positiva e que, mediante as últimas innovacións no campo social e tecnolóxico, permítenos mirar cara o futuro con esperanza.



Tansey, R. (2015). **Reducción de residuos: el reciclaje no es suficiente para alcanzar una economía circular**

Amigos de la Tierra

Reducir a cantidade de residuos e mellorar a súa xestión é necesario, mais a redución do sobreconsumo dos recursos naturais, implica unha estratexia máis ampla. Esta guía recolle algúns aspectos que os gobernos deberían ter en conta para reducir os residuos e mellorar a xestión dos recursos naturais, promovendo a reutilización, a reparación e a reciclaxe.

<http://bit.ly/2jvPFxA>



Virginie, M. (2011). **Los caminos del reciclaje**

Ned Ediciones

Este libro responde á necesidade de coñecer os ciclos que emprenden os refugallos coa idea de concienciarnos do impacto que producen sobre o noso ecosistema.



Vispo, A. (2019). **Zero waste para salvar el mundo: guía ilustrada para una vida sostenible**

Editorial Vergara

Primeira guía ilustrada que ofrece trucos e consellos para poñer en práctica o movemento 'Zero Waste' en todos os ámbitos do día a día: como reciclar os residuos, como facer a compra dunha forma máis sostible, que obxectos debemos eliminar da nosa rutina...



VV.AA. (2015). **La gestión de los residuos municipales**

Fundación Conde del Valle de Salazar (Universidad Politécnica de Madrid)

Esta guía mostra aspectos tales como a prevención de residuos, os distintos sistemas de recollida e os seus custos asociados, así como os diferentes tipos de tratamento de residuos e valorización, todo isto enmarcado no contexto legal vixente.

<https://bit.ly/3y3CLKL>



Vizcaíno López, A. (2020). **Contenedor amarillo S.A.**

Fuera de Ruta

Vivimos nun modelo de consumo baseado na obsolescencia dos produtos. Non hai solucións máxicas para salvar o planeta da inundación de envases de usar e tirar, mais coñecendo onde e como ocorre a transformación dos nosos refugallos nas nosas materias primas, todos podemos aportar algo para resolver o problema e mellorar o sistema.

COMPOSTAXE



Alonso Peña, J. R. (2011). **Cómo hacer compost: guía para amantes de la jardinería y el medio ambiente.**

Mundi-Prensa

Guía sinxela para todas as persoas que estén interesadas na produción de compost,

tanto particulares, agrupacións e institucións como empresas ou outros colectivos.




Alonso Peña, J.R. (2014). **Compost de lombrices**

Mundi-Prensa

A cría de miñocas é un método sinxelo e económico, alternativo á continua degradación, erosión e contaminación dos nosos solos. Aprender como se fai compost de miñocas pode

ser útil na xardinería, a agricultura sostible e o coidado do medio ambiente.



Álvarez de la Puente, J. M. (2014). **Manual de compostaje para agricultura ecológica**

Junta de Andalucía

Este manual pretende profundar neste procedemento de aproveitamento dos residuos orgánicos e a súa aplicación á agricultura

ecolóxica.

<https://bit.ly/3vZTBlo>



Amigos de la Tierra (200-?). **Manual básico para hacer compost**

Amigos de la Tierra

Manual básico que recolle os aspectos máis relevantes para facer compost: a preparación previa, os materiais, as mesturas, operacións, fases e tipos de compost, así como

consellos de interese.

<https://bit.ly/33INCvy>



Amigos de la Tierra (2009). **Manual de compostaje**

Ministerio de Medio Ambiente y Medio Rural y Marino

A preocupación pola necesidade dunha xestión dos residuos urbanos plásmase na abundante lexislación

aplicada a este ámbito. Este manual pretende fomentar a implantación no territorio nacional da compostaxe doméstica, e obter así un produto útil como fertilizante e emenda orgánica en zonas axardinadas ou de recreo.

<https://bit.ly/3uU3Dj9>



Amigos de la Tierra (2015).

Ventajas del compostaje

Amigos de la Tierra

Cada día malgastamos toneladas de recursos naturais en forma de lixo e unha gran porcentaxe corresponde á fracción orgánica. Amigos de la Tierra insiste nas vantaxes que

supón a compostaxe.

<https://bit.ly/3k9ozdD>





Ansorena Miner, J. (2016). **El compost de biorresiduos: normativa, calidad y aplicaciones**
Mundi-Prensa

No estado español, a recollida separada e o tratamento biolóxico dos biorresiduos iníciase en Cataluña e, uns anos despois, en Gipuzkoa.

Este libro recolle a experiencia vasca dos últimos vinte anos: o complexo marco normativo, a caracterización e avaliación da calidade do compost e as súas posibles aplicacións nas áreas da horticultura, a xardinería e o paisaxismo.



Barral Silva, M.T.; Díaz Raviña, M.; Devesa-Rey, R.; Paradelo Núñez, R. (eds.) (2014). **Avances en la investigación sobre compost: materias primas, procesos, calidad y usos**
Andavira

A compostaxe goza en España dunha longa tradición, aínda que nos tempos máis recentes, os países do norte e centro de Europa posúen un maior liderado. O uso do compost é ademais moi variado, dende o agrario como abono ou substrato, ata usos máis novidosos de restauración ambiental ou depuración. Todos estos avances analízanse nas III Xornadas de Compostaxe da Rede Española de Compostaxe celebradas en Compostela no 2012, que recompila esta publicación.

<https://bit.ly/3nh6pji>



Bueno Bosch, M. (2004). **Cómo hacer un buen compost: manual para horticultores ecológicos**

La Fertilidad de la Tierra
Hoxe en día xa se sabe que non hai que alimentar ás prantas, senon á terra na que nacen e se desenvolven. O

alimento perfecto para a terra é o compost. Con esta guía aprenderemos paso a paso a facer compost, o mellor abono para o noso horto e xardín, esencial para manter sa e fértil a terra de cultivo.



Bueno Bosch, M. (2015). **Elabora tu propio lombricompost: el mejor humus para tu huerta, macetas y jardín**

La Fertilidad de la Tierra

Guía práctica de vermicompostaxe para iniciarse e profundar na apaixonante e enriquecedora práctica de obter humus de miñoca. Poderás reciclar residuos (do fogar, da horta, da escola, da finca agrícola) e obter un excelente abono que incrementará a fertilidade da terra, o vigor das plantas e a produtividade dos cultivos.



CEIDA (2011). **Manual de compostaxe doméstica na Comarca de Betanzos**

CEIDA

O proxecto 'Compostaxe Doméstica na Comarca de Betanzos' foi promovido pola Asociación de Desenvolvemento Rural Mariñas-Betanzos no 2011, como experiencia piloto que pretendía demostrar

o funcionamento da compostaxe doméstica nesta comarca. Esta publicación forma parte dos materiais didácticos elaborados no marco deste proxecto.

<https://bit.ly/3jVGvZN>



COGERSA. (2009). **Guía de compostaje doméstico** COGERSA

Esta guía informa sobre a reciclaxe da materia orgánica e explica cun enfoque práctico as cuestións principais sobre a compostaxe: material e utensilios, funcionamento, aplicacións, problemas que

poden xurdir e como solucionarlos...

<https://bit.ly/3jD0uLu>



Diputación de Alicante (2019). **Manual práctico de compostaje comunitario**

Diputación de Alicante Debido ao auxe dos residuos orgánicos, é necesario atopar solucións sostibles para levar a cabo a súa xestión, como pode ser o compost.

Este documento describe os pasos a seguir para realizalo, a súa utilidade, os problemas que poden xurdir na súa elaboración, ademais de recoller ligazóns de interese.

<https://bit.ly/2WY0Ftb>



Fresno, E. e Ojeda, M. (200?). **Pequeño manual de compostaje doméstico**

Ecologistas en Acción

A fracción orgánica é o compoñente do noso lixo que mellor pode ser reciclado a través da compostaxe. Este manual é unha sinxela guía para compostar na casa.

<https://bit.ly/3ht1gtW>



GMR Canarias (2008). **Guía útil para compostar** Área de Sostenibilidade, Territorio y Medio Ambiente, Cabildo de Tenerife

Na natureza todo se recicla. O que sae da terra volve a ela en forma de nutrientes. A compostaxe é unha imitación

controlada e acelerada dos fenómenos naturais que consiste en descompoñer os nosos residuos orgánicos e obter como resultado un fertilizante de alta calidade. Esta guía recolle os aspectos a ter en conta para elaborar o compost na casa.

<https://bit.ly/3E2wTEA>



L'Espigall (2021). **Guía de elaboración de compost rico en carbono**


L'Espigall

A aplicación de materia orgánica nos solos permite que estos sexan máis produtivos e máis eficientes. Para obter un compost rico en carbono hai que seguir unha

serie de pasos descritos nesta guía, que

permitirán incrementar a produción vexetal do solo. Documento elaborado no marco de TornaSòl, proxecto de investigación participativa levado a cabo no Parque Natural da Serra de Collserola.

<https://bit.ly/3rQpzWV>




Medialdea Mankomunitatea (200-?). **Manual de compostaje**

Medialdea Mankomunitatea

A compostaxe non é unha tecnoloxía. É un proceso comparable á humidificación que ten lugar de forma natural nos substratos dos bosques

húmidos. Esta guía recolle os aspectos básicos, elaboración, consellos, así como solucións a preguntas frecuentes.

<http://bit.ly/2GsqrRv>



Moreno Casco, J. e Moral Herrero, R. (eds.) (2008). **Compostaje**

Mundi-Prensa

Obra de referencia sobre a compostaxe, que realiza unha ampla revisión do coñecemento nesta área, tanto a nivel do propio proceso como do produto obtido.

Recóllense aspectos xerais sobre o tratamento e xestión dos residuos orgánicos, aspectos técnicos do proceso da compostaxe, a calidade do compost, aplicacións en agricultura e outros ámbitos, así como casos prácticos.



Plana González-Sierra, R.; et al. (2021). **Guía práctica para a implantación da compostaxe comunitaria como alternativa para a xestión local dos biorresiduos**

Asociación Fértil Auro

Guía de referencia para a implantación da compostaxe comunitaria que se enmarca dentro das políticas e estratexias globais de economía circular para a xestión local dos biorresiduos. Pretende orientar ao persoal técnico, empresas, persoas usuarias, administracións públicas e outros axentes de interese, nas prácticas e o manexo dos espazos de compostaxe comunitaria.

<https://bit.ly/3TBZr23>




Rodríguez Ramírez, R. (2016).

Manual de compostado y vermicompostado doméstico

Diputación de Granada
Publicación orientada a ilustrar os procesos de compostaxe e vermicompostaxe doméstica dentro das iniciativas

municipais de compostado descentralizado que impulsa a Diputación de Granada, como material de apoio nos procesos de asistencia técnica que esta presta aos concellos.

<https://bit.ly/3GG2pL7>



Schuldt, M. (2006). **Lombicultura: teoría y práctica**

Mundi-Prensa

Este libro constitúe unha resposta integradora acorde á evolución, perfil actual e proxección futura da actividade para a lombricultura doméstica, as Pymes, as

actividades agroindustriais xeradoras de grandes cantidades de materia orgánica insuficientemente aproveitada e as correntes de refugallos vinculada á xestión e tratamento de residuos sólidos urbanos.



Sheperd, A. (2008). **Guía para la elaboración de compost: recetas para disfrutar de un jardín sano y del cuidado del medio ambiente**

Tutor

Con esta guía comprenderemos o sinxelo que é transformar as sobras da

cociña en nutrientes vitais para a terra do xardín. Contén oito receitas para elaborar compost, algunhas transmitidas durante xeracións, outras novas desenvolvidas cun enfoque científico novidoso.

SOGAMA (2021). **Manual de compostaxe doméstica e recollida selectiva**

SOGAMA

Case a metade do lixo que se xera nos fogares é materia orgánica.



Esta pode ser utilizada para elaborar compost, un abono excelente con propiedades para o solo. Este manual explica non só que é o compost senón que pasos hai que seguir para obtelo e as súas utilidades.

<https://bit.ly/41xGn73>



Vallès Casanova, J.M. (2014). **Compostar en casa: manual para fabricar abono con residuos del hogar**

Ediciones del Serbal

Manual práctico para iniciarse na compostaxe a pequena escala, tanto para os que teñen xardín como para quen non dispón dese espazo.

O obxectivo está claro: a bolsa de refugallos orgánicos que tiramos ao colector pode converterse en humus, que é de grande relevancia para as plantas.



VV.AA. (2010). **Compost y abonos naturales**

Susaeta
Os residuos orgánicos procedentes do xardín, horto ou a cociña, pódense empregar convertidos nun abono excelente denominado compost. Este libro ofrece ao lector unha guía moi completa

para aprender a crear e empregar o compost, e establecer así un xardín saudable e respectuoso co medio ambiente.



HORTA ESCOLAR



Aubert, C. (2017). **Asociar cultivos en el huerto ecológico: ejemplos de asociaciones y diseño de cultivos**

La Fertilidad de la Tierra
Asociar diferentes cultivos funciona: teremos menos pragas e enfermidades e máis colleita. Nesta guía recóllense


unha selección de hortalizas que combinadas e asociadas no seu cultivo, teñen resultados favorables. Tamén describe cinco modelos de hortos asociados, desde o mini horto ata hortas moito máis grandes, con planos de apoio, indicando incluso as rotacións máis adecuadas ao longo do ano.



Ben-Arab, M. e Font i Rodon, J. (2014). **Huerto fácil con niños**

Larousse
Un divertido manual ilustrado que da as claves para cultivar hortos en espazos reducidos e contar coa colaboración dos máis pequenos. Explica cales son as actividades básicas

da horticoltura e como disfrutala en familia. Proporciona consellos para cultivar as túas hortalizas favoritas de forma ecolóxica e aporta ideas de reciclaxe e aforro de auga. Unha forma de familiarizar aos máis pequenos con produtos que moitas veces só coñecen polo paquete do supermercado.



Bueno, M. (2022). **La agenda del huerto ecológico**. Integral

Ben sexa en macetas, no balcón, ou nunha extensa parcela, esta axenda do horto ecolóxico é a ferramenta perpetua, repleta de datos e consellos, que axudará a organizar as labores da horta e obter os mellores resultados. Un manual útil e práctico para cultivar os teus propios alimentos de forma saudable e respectuosa co medio natural.



Bueno, M. (2012). **Manual práctico del huerto ecológico: huertos familiares, huertos urbanos, huertos escolares**

La Fertilidad de la Tierra
Obra de referencia e consulta para aprender a cultivar a horta de maneira ecolóxica. Nela recóllense aspectos vinculadas ás distancias de plantación, rego, abonado, asociacións, rotacións... ademais de nocións para prever pragas e enfermidades.



Fundación Global Nature (2018). **Manual huertos profesorado**
Fundación Global Nature, Ecoembes

Co obxectivo de fomentar a economía circular, recuperar variedades agrícolas tradicionais, e a alimentación saudable, a Fundación Global Nature propón incluír a horta ecolóxica no currículo escolar. Esta guía recolle os aspectos básicos a ter en conta para poñelo en marcha.

<https://bit.ly/3OEgKh>





Fukuoka, M. (2011). **La revolución de una brizna de paja: una introducción a la agricultura natural**

Ecohabitar

Este libro é un detallado rexistro de como o agricultor xaponés Masanobu Fukuoka desenvolveu o seu radical método de agricultura natural.

Nel mostra a forma de cultivar colleitas sen arar, sen herbicidas ou pesticidas, e a relación deste método coa saúde, a nutrición, a educación, a natureza e a espiritualidade.



Iniciativas Socioambientales Germinando e Ayuntamiento San Sebastián de los Reyes (2012). **Manual básico del huerto escolar ecológico**

Ayuntamiento de San Sebastián de los Reyes

Manual básico que recolle algunhas notas sobre a orixe e evolución da agricultura, os beneficios de poñer en marcha un horto escolar, saberes agrícolas relacionados co mesmo, así como as técnicas básicas en agricultura ecolóxica con fichas de cultivo de plantas.

<https://bit.ly/47hhHSE>

Lapouge-Dejean, B. (2018). **Preparados naturales para el huerto ecológico**

La Fertilidad de la Tierra

A partir de plantas coñecidas e de produtos naturais e de baixo coste, podemos facer preparados necesarios para coidar o noso horto ecolóxico. Según como os apliquemos poden



actuar como estimulantes, fertilizantes, repelentes, insectífugos, cicatrizantes... permitindo tratar delicadamente os nosos produtos hortícolas. Receitas de probada eficacia que axudan a fomentar os coidados preventivos, respectando o planeta.



Lefrançois, S. e Thorez, J-P. (2014). **Plantas compañeras en el huerto ecológico: guía de cultivos asociados**

La Fertilidad de la Tierra Saber asociar plantas é clave no horto ecolóxico, xa que axuda a protexer de pragas e enfermidades aos cultivos,

atrae aos polinizadores, evita carencias, mellora a terra, aproveita mellor o espazo con crecementsos alternados, etc. Esta guía recolle os aspectos necesarios para comezar a asociar cultivos.



Llerena del Castillo, G. e Espinet Blanch, M. (2017). **Agroecología escolar**

Editorial Pol-len

Achegarse á terra, sumerxirse no mundo orgánico, asociar a creatividade coa da natureza, colaborar con traballos de horto e comedor, compartir colleita, comprender que somos o que comemos e, tamén, somos como comemos, son algúns dos obxectivos deste proxecto pedagóxico necesario para resignificar a educación.

<https://bit.ly/45bDzNj>





Martínez-Zaporta, J.L. (2016). **Vida secreta de tu huerto: ecología para la nueva agricultura**

Ecohabitar

Neste libro o autor describe especies habituais nos nosos hortos: insectos, aves, reptís, mamíferos, microorganismos...

que son beneficiosos, converténdose en grandes aliados para manter saudable a contorna. Nel mostra como construír niños, hotéis de insectos, areneiros, acubillos para mamíferos..., ou preparados para o horto como o compost, convertindo a horta nun lugar único.




Pons, N. (2018). **Cómo poner en marcha tu huerto de permacultura**

Errata naturae

A permacultura é unha ciencia baseada, ante todo, na observación da natureza. A partir de ahí propón un novo modelo agrícola e hortelán que non agota a terra e que

coida tanto do solo como do ser humano que o cultiva. Este libro anima a crear un horto baixo estas innovadoras premisas.



Pouliquen, X. (2005). **Horta ecolóxica na Galiza**

Baía Edicións

O noso país ten condicións ecolóxicas particulares (tipo de solo, clima, etc.), e tamén sociais (cultura, organización social, reparto de terras, saber tradicional, etc.), de ahí que a horta ecolóxica tamén

teña as súas propias características. Este libro recolle información sobre produción ecolóxica, salientando o que pode ser de utilidade para as hortas galegas.



Sociedade Galega do Medio Ambiente (2014). **Guía da agricultura ecolóxica**
SOGAMA

A agricultura ecolóxica é o sistema de produción que evita ou exclúe dunha maneira ampla o uso de fertilizantes e praguicidas sintéticos, así como o uso de técnicas

respectuosas co medio natural. Esta guía didáctica pretende ampliar o coñecemento da poboación en relación á produción hortícola baixo os parámetros da agricultura ecolóxica.

<https://bit.ly/47bT3CJ>



Tébar, C. (2017). **El huerto en casa al estilo Montessori**

Plataforma Editorial

Unha guía práctica para cultivar un horto na casa, en contornas urbanas e con nenos e nenas. Recolle información relevante, desde que se necesita para comezar, cales

son as tarefas e coidados básicos das plantas, ata un planificador mensual. Inclúe ademais fichas de hortalizas, plantas aromáticas e frutais adecuadas para cultivar coa rapazada, así como información sobre as súas necesidades especiais.





Organización de las Naciones Unidas para la Agricultura y la Alimentación (2006).
Crear y manejar un huerto escolar: manual para profesores, padres y comunidades

FAO

Este manual está dirixido a toda persoa interesada en iniciar ou mellorar un horto escolar. Nel se recollen todos os pasos para planificar o proxecto: decidir cal é o obxectivo, cómo organizar o traballo, información práctica para poñelo en marcha (notas de horticultura, fichas de nutrición, cultivos comúns), así como consellos prácticos.

<https://bit.ly/3OGDw6F>



RECURSOS DIDÁCTICOS

para **TRABALLAR NA AULA**

[Unidades didácticas e libros informativos para traballar co alumnado de todos os niveis educativos]



RESIDUOS URBANOS



Arana Eiguren, X. (coord.) (2012). **Recicla tu vida: unidad didáctica**
Diputación Foral de Bizkaia, Departamento de Medio Ambiente

Esta unidade didáctica traballa o ciclo de vida dos materiais. Sete sesións con diferentes actividades prácticas que nos

axudarán a comprender a importancia que ten cada unha das fases do ciclo de vida dos materiais cos que convivimos no noso día a día.

Dirixido a: primaria e secundaria.

<https://bit.ly/3CPPcel>



Arbuniés y Lekumberri (2008). **Materiales educativos sobre residuos sólidos urbanos**

Centro de Recursos Ambientales de Navarra
Materiais educativos para traballar a problemática dos residuos urbanos. Entre

os conceptos recollidos atópase a orixe e localización dos residuos urbanos, os problemas derivados da súa acumulación, hábitos de comportamento que favorecen a xestión do lixo ou consumo responsable, entre outros.

Dirixido a: infantil, primaria e secundaria.

<http://bit.ly/2jwwK5R>

Ayuntamiento de A Coruña (200-?). **Los residuos urbanos en A Coruña**

Área de Movilidad y Sostenibilidad Urbana, Ayuntamiento de A Coruña



Recurso didáctico no que se desenvolven contidos relacionados coa problemática dos residuos en xeral e, concretamente, co sistema de xestión de residuos da Coruña. Inclúe un manual para o profesorado e unha proposta de actividades para o alumnado.

Dirixido a: secundaria.

Manual para o docente: <https://bit.ly/3k2ZrWm>

Manual para o alumnado: <https://bit.ly/3AaFkLu>



Bombín Puyo, J. e Sevillano Pérez, N. (2005). **Erre que erre: cuaderno del profesor**

Junta de Castilla y León, Consejería de Medio Ambiente

O programa 'Erre que Erre' ten como obxectivo mellorar o

coñecemento dos residuos urbanos e promover os cambios de comportamento para asegurar unha adecuada utilización dos sistemas de xestión implantados. Este material, dirixido ao primeiro curso da ESO, foi deseñado partindo de solucións e alternativas positivas e posibles, non só analizando problemáticas. Inclúe un cómic, un folleto informativo e un caderno do profesorado.

Dirixido a: secundaria.

<https://bit.ly/3hB0RpD>



Callejo Touriño, M.J. e Fernández Merino, A. (coords.) (2019). **Cuaderno de reciclaje**
COGERSA


Orientado a todos os públicos para promover a correcta reciclaxe dalgúns dos residuos que xeramos (aceite vexetal, lámpadas, móbiles...).

Organizado en fichas diferenciadas por cada tipo de residuo, nas que se inclúe as súas características, información sobre como se recicla e algúns dos novos produtos elaborados a partir do residuo recuperado.

Dirixido a: primaria e secundaria.

Caderno: <https://bit.ly/3Crwwm2>

Exercicios: <https://bit.ly/3s4ynZe>



COGERSA (201-?).

Recicla y colorea

COGERSA

Caderno para colorear e descubrir como coidar da natureza cun xesto tan sinxelo como separar os residuos e empregar os colectores azul, verde ou amarelo. Porque tamén os protagonistas dos

contos saben reciclar.

Dirixido a: infantil.

<https://bit.ly/2XnYoYv>



Cristina Enea Fundazioa (201?)

ONdakin

Cristina Enea Fundazioa, SanMarkos Mankomunitatea

Proxecto da Fundación

Cristina Enea, a

Mancomunidade San Marcos

e Ecoembes para a correcta separación de residuos nos centros educativos de Donostia. Este inclúe a edición de materiais como unidades didácticas, carteis, xogos, presentacións e ata dicionario para traballar o tema da xestión dos residuos nas aulas.

Dirixido a: infantil, primaria e secundaria.

<https://bit.ly/3qrBZlu>



Ecoembes (2021).


Reciclaje en el aula

Ecoembes

Portal da empresa Ecoembes que recompila diferentes recursos didácticos relacionados coa xestión dos residuos sólidos urbanos.

Dirixido a: infantil, primaria e secundaria.

<https://bit.ly/3C88oDY>



Greenpeace (201?). **Guía de transform-acción: reducción de los residuos (Serie Cómo lograr un centro educativo más sostenible)**

Greenpeace

Como reducir os residuos na nosa comunidade educativa?

Redución, reutilización e reciclaxe son os principios

desta guía educativa dirixida á comunidade escolar.

Dirixido a: primaria e secundaria.

<https://bit.ly/3CraJdi>

Lanzarote Recicla (2018). **Manual de reciclaje centros educativos**

Cabildo de Lanzarote

A reciclaxe na escola proporcionáanos unha ferramenta práctica e activa. Este documento





propón a reciclaxe no centro como unha experiencia educativa innovadora e dinámica, traballando nun proxecto común de forma colaborativa. O obxectivo final é facer da reciclaxe un hábito, integrado na vida e na dinámica escolar.

Dirixido a: primaria e secundaria.

<https://bit.ly/3nzLWj0>



Leiro Lois, A.; et al. (2002). **Os residuos (manual e cadernos de exercicios)**

A Nosa Terra

Unidade didáctica sobre a redución, reutilización e reciclaxe dos residuos. Inclúe información sobre a orixe do lixo, os distintos

tipos de residuos (envases, materia orgánica, papel e cartón, vidro...), o valor dos residuos... e actividades para desenvolver nas aulas.

Dirixido a: primaria e secundaria.



Marcén, C., Hueto, A., e Fernández Manzanal, R. (2001). **¿Dónde está la basura que producimos?**

Mancomunidad de la Comarca de Pamplona

Unidade didáctica dirixida a escolares de primaria que se ocupa dos residuos urbanos,

producidos no noso consumo diario, nas nosas vivendas e colexios. Inclúe unha guía para o profesorado, un caderno de traballo e unha carpeta complementaria.

Dirixido a: primaria e secundaria.

Carpeta primaria: <https://bit.ly/3AaOFmO>

Carpeta secundaria: <https://bit.ly/3nt0aCA>



Martínez Egaña, V. (2021). **Familias con clase: programa de educación ambiental: cuaderno de actividades**

COGERSA

Caderno que recolle distintas actividades coa finalidade de difundir a cultura das Tres Erres a toda a comunidade educativa,

a través da reciclaxe artística, desenvolvendo estratexias de concienciación e recuperando o valor do xogo e o contacto directo coa natureza.

Dirixido a: primaria e secundaria.

<https://bit.ly/38ZHfXo>



Martínez Villar, A.J. e Ojeda Barceló, F. (2001). **Las basuras: un tesoro en tus manos (guía informativa + guía de actividades)**


Ecotopía

Material didáctico que recolle os aspectos máis relevantes que interveñen na temática

dos residuos: as fraccións do lixo doméstico, a lexislación e propostas para solucionar os problemas actuais. Inclúe ademais diferentes actividades para traballar nas aulas.

Dirixido a: secundaria.





Rodríguez García, Rodrigo; et al. (2013). **Educación ambiental, residuos y reciclaje**
Consejería de Medio Ambiente y Ordenación del Territorio, Junta de Andalucía.

Para abordar a xestión dos residuos dende un punto de vista didáctico, esta guía explica os diferentes sistemas de tratamento e solucións á problemática asociada á xeración dos refugallos. Presenta ademáis ferramentas, recursos para traballar dende o ámbito da educación, xa sexa dende a aula dun centro de ensino ou dende a educación non formal.

Dirixido a: secundaria.
<http://bit.ly/2jyBli2>




VV.AA. (2012). **Juegos y juguetes para reducir, reciclar y reutilizar**
COGERSA

Conxunto de xogos variados que promoven a redución e reutilización de residuos. Diseñados por persoal docente, e nalgúns casos alumnado, dos colexios de Asturias que colaboran na Red de Escuelas de Reciclaje de COGERSA.

Dirixido a: infantil e primaria

<https://bit.ly/3s6Nh1d>



SMA (2007). **Puntúa limpio con los residuos**

Ayuntamiento de Madrid
Guía de traballo que pretende ser unha ferramenta de apoio á acción educativa. Contén información sobre o tema dos residuos e, especificamente, sobre a súa xestión. Inclúe suxerencias de actividades para

desenvolver na aula, ademáis de recursos para o docente como un glosario, bibliografía e ligazóns de utilidade.

Dirixido a: primaria e secundaria.

Guía do profesor:
<http://bit.ly/2jwhuWs>

Fichas de traballo:
<https://bit.ly/3njQvOp>

COMPOSTAXE



ADEGA (201-?). **Compostaxe nos centros de ensino: caderno de actividades**

ADEGA

Cal é o mellor xeito de reducir os nosos residuos? Mercando só o imprescindible, usando envases reutilizables, separando os residuos en diferentes fraccións e botando os orgánicos no composteiro! Esta guía propón un proxecto que implique a todo o centro escolar para compostar os residuos orgánicos.

Dirixido a: primaria e secundaria

<http://bit.ly/2k6gj0S>





Ciudad Ciencia (2012) **Utilización de compost en huertos escolares**

CSIC

Obra Social La Caixa

Experimento científico que pretende recrear un microcosmos agrario en parcelas de experimentación para estudar os efectos que

ten o compost sobre as propiedades do solo e o crecemento das plantas. O compost será obtido a partir de restos orgánicos que xera a propia actividade diaria, como pode ser a comunidade escolar.

Dirixido a: primaria e secundaria.

<http://bit.ly/2EonxDK>



Compostadores (2009). **Actividades pedagógicas relacionadas con el compostador**

Compostadores

Caderno didáctico para poñer en práctica a autocompostaxe como unha maneira eficaz de tratar os nosos residuos

orgánicos. A transversalidade das propostas é clara, xa que inclúe contidos de ciencias sociais, ciencias da natureza, matemáticas, e linguas.

Dirixido a: primaria e secundaria.

<https://bit.ly/3EmYQ9z>




Compostadores. (201?). **El compostage a l'escola. Dossier d'activitats pedagògiques**

Compostadores

Dossier de actividades dirixidas aos diferentes ciclos de educación primaria sobre a compostaxe.

Dirixido a: primaria.

<https://bit.ly/3CKrO2O>



Comunidad de Madrid (201?). **Actividades para centros educativos: acierta con la orgánica**

Comunidad de Madrid

Actividades para dar a coñecer ao alumnado a chegada aos barrios dun novo contedor de recollida de residuos

orgánicos, así como reforzar os hábitos da reciclaxe.

Dirixido a: infantil, primaria e secundaria.

<https://bit.ly/3yHRVoW>



Consorci per a la gestió de residus. (201?). **Programa compostaescola. Kit del alumno.**

Consorci per a la gestió de residus
Conxunto de actividades sobre compostaxe para nenos e nenas entre as que se atopan contos, xogos e vídeos.

Dirixido a: infantil e primaria.

<https://bit.ly/3AzbX5u>



Cristina Enea Fundazioa (201?). **Eskolan Composta**

Cristina Enea
Fundazioa, SanMarkos
Mankomunitatea

Proxecto para a xestión dos biorresiduos dos centros educativos de Donostia a través de composteiros e o uso do

colector marrón municipal. Inclúe a edición de materiais como unidades didácticas e guías.

Dirixido a: infantil e primaria.

<https://bit.ly/3DMVnTo>



García Elizburu, J.,
Arana Eiguren X.
(2010). **¡Mejoremos la
compostura! Apuesta por el
compost: unidad didáctica**

Diputación Foral de
Bizkaia, Departamento de
Medio Ambiente

Caderno que ten como

obxectivo traballar, de forma didáctica, o tema da compostaxe, a súa necesidade e vantaxes, co fin último de crear unha serie de valores e actitudes favorables co medio ambiente. A guía analiza que residuos orgánicos se producen nos nosos fogares e no centro escolar, que impactos xeran, e como podemos atallar estes problemas dándolles unha xestión adecuada.

Dirixido a: primaria e secundaria.

<http://bit.ly/2iUUvtI>



Moreno Ramos, C. e
Toledano Cuéllar, M.
(2014). **Guía de compostaje
para familias: ¿cómo hacer
compost en el cole?**

Asociación El Enjambre
sin Reina

Guía didáctica elaborada no
marco do proxecto 'Huerto

escolar ecológico: caminando hacia la soberanía alimentaria y la agroecología' da asociación El Enjambre sin Reina, en torno ao horto escolar como ferramenta educativa. Entre os materiais editados destaca esta guía sobre compostaxe e a súa aplicación nos centros educativos.

Dirixido a: primaria e secundaria.

<https://bit.ly/3Cbchsl>



Osuna, D. (200?).
**Propuesta de compostaje
para centros educativos**

Ayuntamiento de
Móstoles, Amigos de la
Tierra

A compostaxe involucra a
toda a poboación das escolas,
dende personal docente,

alumnado, persoal administrativo..., resultando unha ferramenta moi útil para a educación social e ambiental. Mediante a súa práctica descubriremos o ciclo da materia orgánica e aprenderemos a utilidade dos nosos residuos, comprendendo así a necesidade dun consumo responsable.

Dirixido a: primaria e secundaria.

<http://bit.ly/2sDIbiS>



Rodríguez Ramírez, R. e Pereira Zapata, M. A. (201-?). **¡Huerto y Compostera en mi cole! Unidad Didáctica Integrada para la implantación de huerto y compostera en el ámbito escolar**

Deputación Provincial de Granada, Delegación de Asistencia a Municipios e Medio Ambiente

Publicación que nace coa vocación de servir de apoio a aquelas experiencias municipais que están iniciando procesos de compostaxe descentralizado. Orientado aos centros escolares, servirá de guía tanto para a posta en marcha como na continuidade dos proxectos de compostaxe e hortos escolares xa iniciados.

Dirixido a: primaria e secundaria

<https://bit.ly/3Rbtf2w>



Sogama. (201-?). **Composting!**
Sogama

Catro fichas didácticas en inglés coas que os rapaces e rapazas poden aprender este idioma, ademais de sensibilizarse coa correcta produción e xestión dos residuos orgánicos. Dirixida

tanto á poboación dos centros urbanos coma á xente do rural. Ensina acerca da compostaxe e anima a estes últimos a practicalo nas súas casas.

Dirixido a: primaria e secundaria

<https://bit.ly/2Vt3odl>

HORTA ESCOLAR



Bartholomew, M. (2015). **El huerto en 1m² para niños**

Blume

Na horta non só hai terra, hortalizas e flores, senón unha serie interminable de pequenos milagros que fan as delicias dos nenos e facilitan o camiño para impartir tantos

ensinos como se poda imaxinar. Neste libro recóllense todos os aspectos da experiencia da horticultura en un metro cadrado coa práctica conxunta de nenos e adultos, con actividades amenas e interesantes.

Dirixido a: primaria e secundaria.



Borrell Brito, J. (2017). **Guía rápida huertos escolares**

Ayuntamiento de Fuenlabrada

Este material pretende ser unha ferramenta que facilite ás persoas que traballan, ou pensan traballar, nun horto escolar, a súa instalación,

mantemento e desenvolvemento de propostas educativas. É unha guía rápida que aporta información, ideas, recursos didácticos e truco tanto para a instalación inicial como para o manexo cotidiano ou a dinamización educativa do horto.

Dirixido a: infantil, primaria e secundaria.

<https://bit.ly/3Kqi17l>






Cárdenas, A., Espinoza, A. e Sidler, C. (2020). **El huerto escolar ecológico como recurso de la enseñanza innovadora integral: una propuesta para aportar a un entorno escolar, comunitario y familiar saludable**

Fundación AGRECOL Andes

O obxectivo deste material é facer unha proposta de implementación dun horto escolar, entendendo este espazo como un campo de aprendizaxe integral para a vida. Recolle actividades para fortalecer o desenvolvemento persoal, a responsabilidade, a participación activa, o respecto, os valores, o manexo das emocións, así como as capacidades de comunicación e traballo en equipo.

Dirixido a: infantil, primaria e secundaria.

<https://bit.ly/44Ove2d>



Centro de Educación e Investigación Didáctica Ambiental (1998). **Huerto escolar**
Comunidad Autónoma del País Vasco, Departamento de Ordenación del Territorio, Vivienda y Medio Ambiente

Carpeta didáctica que pretende aportar un material de calidade que facilite unha mellor utilización educativa dos hortos escolares e/ou unha introdución desta práctica nos centros que aínda non decidiron poñelo en marcha.

Dirixido a: infantil, primaria e secundaria.

<https://bit.ly/3DHRKmw>



CEM Hipatía Fuhem (202-?). **Aula viva: [programación vertical]**


CEM Hipatía Fuhem
O Colexio Hipatía é un centro concertado que pertence ao FUHEM (Fundación Hogar del Empleado) e un dos principais obxectivos é favorecer unha cidadanía crítica e autónoma

con conciencia ecosocial. Situado en Madrid, o centro desenvolve o proxecto educativo 'Aula Viva', espazo que consta dun grande invernadoiro e un horto exterior empregado polo alumnado en todas as etapas educativas para achegarse á horta e os seus produtos, á natureza, os seus coidados e sustento. Na web están dispoñibles as fichas de actividades para os diferentes niveis educativos.

Primaria: <https://bit.ly/3Qy66bY>

Secundaria: <https://bit.ly/47rdE6k>

Formación Profesional: <https://bit.ly/45mLcAO>



Díaz, M. L. (2006). **La agricultura ecológica, una alternativa sostenible: una propuesta de educación ambiental en centros educativos**

Grupo de Cooperación Columela

Proposta de educación ambiental centrada na agricultura ecolóxica, que profundiza sobre o actual modelo de produción agrícola e as súas repercusións ambientais, sociais e económicas. Propón a creación dun horto escolar ecolóxico, e numerosas opcións para o seu aproveitamento didáctico.

Dirixido a: primaria e secundaria.



Domingo Peña, J. (2001).
El huerto escolar

Ayuntamiento de Zaragoza, Gabinete de Educación Ambiental
Material de referencia que recolle unha serie de informacións prácticas de apoio ao profesorado na tarefa de planificar programacións

didácticas que axuden a descubrir as múltiples posibilidades que a horta escolar ofrece. Inclúe unha pequena guía para poñer en marcha un horto, fichas de animais que podemos atopar nos cultivos, e actividades relacionadas coas diferentes áreas do currículo escolar que poden desenvolverse en torno á horta.

Dirixido a: infantil, primaria e secundaria.



Domínguez, A., Santxo, G., Alfaro, I., Soto, M. e Nieto, S. (2021).

Del aula a la tierra: educación infantil y primaria: unidad didáctica huerta escolar

Ayuntamiento de Pamplona

Co fin de reforzar o vínculo afectivo entre a infancia e a contorna natural, o Equipo de Educación Ambiental do Concello de Pamplona puxo en marcha unha iniciativa de hortas escolares ecolóxicas, como unha forma de cultivar o arraigo coa terra e os ciclos de vida. Un dos recursos xerados ao longo do proxecto é esta unidade didáctica, concebida como unha ferramenta para facilitar a inserción curricular da horta no ensino infantil e primaria.

Dirixido a: infantil e primaria.

<https://bit.ly/3DDKwet>



Escutia, M. (2018).
El huerto escolar ecológico

Graó

Material didáctico que recolle as técnicas de cultivo, o deseño do horto, a metodoloxía para poñer en marcha o proxecto de horto comunitario así como unha grande cantidade de

fichas de experimentos, consellos, actividades de compromiso ambiental e outras propostas pensadas para ser empregadas en todos os cursos e áreas da escola.

Dirixido a: infantil, primaria e secundaria.



Eugenio-Gozalbo, M. e Zuazagoitia, D. (coords.) (2023).
STEAM en el huerto: 10 propuestas de proyecto científico para educación secundaria

Graó

Dirixido a aqueles docentes de educación secundaria que sintan a inxenuidade de

incorporar o uso do horto educativo para contextualizar o ensino no ámbito STEAM, fundamentalmente desde a asignatura da bioloxía e a xeoloxía. Formado por 10 capítulos, cada un corresponde cunha proposta didáctica deseñada a modo de secuencias de ensino-aprendizaxe, abordando temas relacionados coa contorna (solo, compostaxe, contaminación...), os seres vivos (biodiversidade) e o papel do ser humano (producción vexetal, alimentación saudable...).

Dirixido a: secundaria.



Fornes, M. (201-?).
Hort: dossier de herramientas y actividades

CERAI

Ferramenta pedagóxica para levar a cabo actividades de horta escolar vinculadas ao currículo académico do profesorado, que inclúe diferentes recursos para

traballar transversalmente os conceptos da nutrición, soberanía alimentaria, consumo responsable e agroecoloxía. O dossier forma parte do proxecto 'Sembra cultura, arreplega cultura'.

Dirixido a: primaria e secundaria

<https://bit.ly/3OohIRk>



Hernando, L. e Estrella, A. (2022). **Proyecto Legumbres: Alimenta Panza y Tierra: propuesta para el profesorado**

Ayuntamiento de San Sebastián de Los Reyes

Un dos obxectivos da Rede de Hortos Escolares do Concello

de San Sebastián é fomentar o uso do horto como ferramenta educativa transversal. Pódese vincular con contidos curriculares relacionados coa alimentación saudable e sostible, o coidado do solo, ou a adaptación e mitigación do cambio climático da Axenda 2030, empregando como fío condutor as legumes. Esta proposta consiste en crear un bancal de legumes no horto escolar, e traballar a través de diferentes actividades en todos os niveis educativos.

Dirixido a: infantil, primaria e secundaria.

<https://bit.ly/45cS3wE>



Jiménez Sánchez, M. (201-?). **El huerto escolar en educación infantil: una propuesta práctica de trabajo.**

Asoc. para el Desarrollo Rural de la Campiña y Los Alcores de Sevilla

Co fin de dar resposta

ás necesidades formativas do profesorado, este material didáctico ofrece unha serie de actividades educativas integrando os contidos da etapa infantil, para que podan ser traballados desde o horto ecolóxico nos centros. Unha ferramenta para levar á horta, xa que desta non só debemos obter fermosas hortalizas, debemos aproveitar todas as posibilidades educativas que ofrece.

Dirixido a: infantil.

<https://bit.ly/3qgkOJI>



Morato García, J.A. e Tutor de la Iglesia, D. (201-?). **Sembrar educación ambiental: claves para la integración del huerto escolar como recurso educativo en la educación secundaria obligatoria: guía didáctica y manual para profesores.**

Junta de Castilla y León, Consejería de Fomento y Medio Ambiente.

Guía didáctica que pretende servir de apoio ao profesorado da ESO para que, coñecendo e practicando as técnicas da agroecoloxía e o concepto de soberanía alimentaria, posibilite a integración do horto escolar ecolóxico dentro dos espazos curriculares.

Dirixido a: secundaria.

<https://bit.ly/44ThkvX>



Nogués, P. e Vidal, V. (2019).

El huerto escolar ecológico.

Gobierno de Aragón

Guía práctica e visual para que os centros escolares dispoñan da información necesaria para desenvolver un proxecto de horto didáctico ecolóxico.

Estruturada en oito bloques, recolle a información necesaria para a posta en marcha da horta, así como fichas didácticas para o alumnado.

Dirixido a: infantil, primaria e secundaria.

<https://bit.ly/3Ko1ykw>



LIBRO informativo e literario

[Libro informativo ilustrado, contos, novelas, cómics... infantís e xuvenís en torno aos residuos, compostaxe e hortas]



RESIDUOS URBANOS



ADICAE (2017). **¿De verdad es esto necesario?: un cómic sobre la reducción de desechos y desperdicios alimentarios para ser un consumidor crítico**

ADICAE

Historieta gráfica que ten como finalidade sensibilizar e profundizar no problema dos refugallos e as súas repercusións en termos sociais, ambientais e económicos, ofrecendo alternativas aos consumidores para que o consumo sexa máis crítico e consciente.

Dirixido a: primaria e secundaria.

<https://bit.ly/397BAyv>



Álvarez, S. e Resnik, N. (2006). **La tortuga sabia**
Diputación de Málaga

Dúas tartarugiñas de tenro corazón e a súa avoa tartaruga viven nun balcón. Mais nos tempos da avoa, as tartarugas vivían nun fermoso bosque cheo de árbores e outros animais. Os humanos

destruírono e xa apenas quedan árbores para fabricar papel. A familia tartaruga pensa un plan para axudar á natureza a partir da reciclaxe de papel.

Dirixido a: primaria.

Álvarez, S. e Resnik, N. (2006). **Las luciérnagas pintoras**


Diputación de Málaga

Pedro acaba de chegar ao barrio de Bella Vista a pasar as vacacións cos seus avós. Alí os rapaces



e rapazas da súa idade divírtense cazando lucecús e atrapándoas en botes de vidro. A Pedro non lle gusta a idea de pechar os insectos e decide ensinalles que é moito máis divertido reutilizar os botes para fabricar obxectos.

Dirixido a: primaria.



Amavisca, L. e Villamuza, N. (2014). **Los gulinos**

Nube ocho

Os protagonistas desta historia son os gulinos, alieníxenas que viven en Gala, un planeta que ten moito que ver co noso. Un conto para reflexionar sobre o noso modelo de consumo

e coñecer todo o que podemos facer na nosa vida diaria para reducir o impacto que xeran os residuos e a súa pegada ecolóxica.

Dirixido a: infantil e primaria.



Backderf, D. (2016). **Basura**

Astiberri

Cada semana amontoamos o noso lixo diante da porta e desaparece... por arte de maxia! Mais a realidade é moi distinta. Entrelazadas nesta epopea cómica de cubos apestosos e bolsas

que explotan, nesta historia veremos cales son os nosos refugallos e a onde van, unha viaxe ao mundo segredo e inmenso dos desperdicios.

Dirixido a: primaria e secundaria.





Benlloch, V. e Simón Ros, P. (2019).

La doctora residu

Natura y Cultura
Servicios Ambientales

Que pasaría se os nosos contedores da cidade enfermaran? Se o amarelo e o verde tiveran indigestión? E o contedor de materia orgánica,

desnutrición? A doutora Residu axudaranos a participar nas solucións e a mellorar o lugar onde vivimos.

Dirixido a: secundaria.



Benoît, C. (2011).

¡Benny es un campeón!

Oficina de Publicaciones de la Unión Europea

O desexo de mercar unha nova bicicleta leva a Benny, Tom e Lila a reflexionar sobre os nosos hábitos de consumo e buscar novas formas que sexan máis responsables co medio,

como a reutilización ou a reparación de obxectos vellos.

Dirixido a: primaria.

<https://bit.ly/3DYOMmX>



Bethel, E. e Colombo, A. (2009). **Capitán Verdemán: súper héroe del reciclaje**

Juventud

Unha pequena cidade estase a afogar en montóns de lixo, pola pereza e o malgasto dos seus habitantes. Pero aquí está Capitán Verdemán para rescatar a cidade e demostrar

que a reciclaxe é divertida.

Dirixido a: infantil e primaria.



Bunting, P. (2020). **Tu planeta te necesita: una guía optimista para reducir, reutilizar, reciclar y renovar**

RBA

Ninguén quere pensar no lixo. Nembargantes, aínda que non nos decatemos, os refugallos xa forman parte das nosas vidas. De onde sae o lixo e

onde acaba? Canto tarda en descompoñerse? Preguntas como estas son resoltas neste libro.

Dirixido a: primaria.



Carreiro, P. (2017). **Como producir menos lixo (Os Bolechas Guías)**

Bolanda

A sociedade de consumo, dominada pola adquisición incontrolada de bens, o hábito de usar e tirar, o márketing... deu lugar a que a produción de lixo incrementase dunha

forma preocupante. Os Bolechas ensinarannos que facer no fogar, na escola, no supermercado, no tempo libre... para evitar xerar máis lixo.

Dirixido a: infantil e primaria.

<https://bit.ly/4aeuXJ8>



Carreiro, P. (2018). **Que se bota no contedor amarelo (Os Bolechas Guías)**

Bolanda

Os humanos somos os habitantes da terra que máis lixo producimos, sendo os envases unha parte moi grande do lixo xerado. Cos Bolechas comprenderemos

que cousas se tiran no contedor amarelo.

Dirixido a: infantil e primaria.

<https://bit.ly/47arrwR>



Compostadores. (200-?). **Cuentos infantiles**
Compostadores
Colección de contos relacionados co lixo e as boas prácticas vinculadas á súa xestión. Inclúe 'Simón el caracol y el compostador del jardín', La 'historia de Busta', e 'El planeta Ambilimpio'.

Dirixido a: infantil e primaria.

<https://bit.ly/4afGXXi>



Dios, O. de (2017). **Rana de tres ojos**
Apila Asociación

Rana de tres Ojos crece nun lugar contaminado e cheo de lixo. Salta moi alto para tratar de comprender o que sucede. Pronto descubre que quere cambiar as cousas.... un conto para ilusionarnos na búsqueda

de solucións comúns.

Dirixido a: infantil e primaria.



Corderoy, T. e Neal, T. (2020). **¡Solo es uno!**
Luis Vives

Villadichosa é unha cidade perfecta, onde reinaba a amabilidade e a alegría. Ata que un día, un dos seus habitantes tira un envoltorio ao chan. "Só é un", pensou, mais pouco a pouco, os

demáis habitantes comezaron a comportarse sen importarlles o resto.

Dirixido a: infantil e primaria.



Fabbian, F. (2020). **Gira la rueda y salva la tierra**
Vicencs Vives

Todos podemos axudar á natureza dalgunha maneira. Neste libro poderemos aprender a importancia de limpar o mundo de plásticos e outros residuos.

Dirixido a: infantil e primaria.




Daynes, K. e Donnelly, P. (2021). **Yo me pregunto... la basura y el reciclaje**
Usborne

Libro informativo que introduce aos nenos e nenas aos procesos de tratamento de residuos e reciclaxe, cunha grande cantidade de datos, divertidas ilustracións e solapas

con preguntas e respostas.

Dirixido a: primaria.



García López, R. (2018). **La eco-panda contra don Basurón**

Ayuntamiento de Málaga
Cómico publicado dentro do programa de concienciación e educación ambiental urbana do concello de Málaga, que narra a historia de Basurón, un monstruo cuxo obxectivo é

xerar máis e máis lixo e sabotear todo sistema de reciclaxe e xestión de residuos que se leva a cabo na cidade.

Dirixido a: primaria.





García López, R. (2007).
Viaje al Planeta Basurero: las aventuras de Súper Paula
Ayuntamiento de Málaga

Cómic publicado dentro do programa de educación ambiental urbana do concello de Málaga, que narra a historia de Súper Paula, unha rapaza de 9 anos que coñece a Súper

Manuel e deciden solucionar un dos grandes problemas dos terrícolas, a acumulación de lixo.

Dirixido a: primaria.



Gordon, M. e Green, J. (2020).

¿Por qué debo reciclar?
Anaya

Cal é a importancia de reciclar e como podemos axudar nós dende a nosa casa? Os protagonistas desta historia ensinarannos as respostas ás nosas dúbidas, incluíndo

actividades lúdicas e notas para os pais e nais, e para o persoal docente.

Dirixido a: infantil e primaria.




Harper, C.M. e Piñeiro, L. (2018).

Experta en reciclaje
RBA

Lucía vai recibir unha clase sobre a necesidade de axudar á Terra. Pero salvar o planeta non é algo que poida facer un só, así que xunto á súa compañeira Mimi, unirán forzas

para levar a cabo o eco-proxecto do colexio.

Dirixido a: primaria.



Hormiga, E. (2022).
¡Hola, Fredo!

Apila Ediciones

Que pasaría se o lixo que desbotaches durante o día volverá a casa para quedarse a vivir contigo? Pois iso é o que lle sucedeu a Fredo. Un domingo calquera, tirou os refugallos ao colector, e á

mañá seguinte estaban ahí de novo. Unha historia con clave de humor en torno á responsabilidade sobre as cousas que poseemos, e darse conta de que a solución é dar unha segunda vida reciclando.

Dirixido a: infantil e primaria.



Ibarrola, B. (2007).
Historia de una lata

SM

Esta é a historia e aventuras dunha lata que, tras reciclarse ou reutilizarse, vaise convertindo en outros obxectos útiles.

Dirixido a: infantil.



Ibáñez, F. (2011).
¡A reciclar se ha dicho! (Una aventura de Mortadelo y Filemón)


Ediciones B

A crise aperta e, como non, tamén chegou ás dependencias da T.I.A. O Súper chama aos seus axentes Mortadelo e Filemón

para que poñan en práctica novos sistemas de aproveitamento dos materiais.

Dirixido a: primaria e secundaria.





Jiménez, N. e Jiménez, E. (2011).

¡Puaj!: los residuos

Susaeta

Libro informativo que pretende inculcar aos máis pequenos o respecto polo medio ambiente e, concretamente, sobre a reciclaxe e a xestión dos residuos.

Dirixido a: primaria.




Mathews, M. (il.) (2021).

Me gusta reciclar

Editorial Bruño

Quieres saber que fan Sofía e Mateo cunha caixa de cartón e cun envase de zume? Acompañándoos na súa aventura, os máis pequenos aprenderán a reciclar mentras se divirten con esta historia.

Dirixido a: infantil e primaria.



Mayor, A. (2017).

El basurero mágico

CreateSpace Independent Publishing Platform

Os habitantes de Trapolote viven felices grazas ao amable e silencioso traballo do barrendeiro Serafín, que se encarga de facer desaparecer todo o lixo que tiran a diario.

Un día chega un novo alcalde, que considera o seu traballo innecesario e decide despedilo. Só entón os cidadáns comprenderán a importancia de reciclar. Será demasiado tarde para salvar a Trapolote da inundación de lixo que se avexiña?

Dirixido a: primaria.



Precioso, J.; Henriques, R. (2008).

Reciclaxe

Nova Galicia

A produción de bens de consumo é beneficiosa, mais xera a redución de recursos naturais e grande cantidade de residuos. A reciclaxe reduce o consumo de recursos e enerxía e os problemas ambientais da súa vertedura.

Esta guía didáctica recolle todos os aspectos relacionados co tratamento de residuos mediante a reciclaxe.

Dirixido a: primaria e secundaria.



Rodríguez Juanes, E., Martín L. e Rodríguez, J. (2021).

No somos basura

Jaguar Ediciones

Praia? Montaña? Cruceiros por alta mar? Botella imaxinaba unha vida chea de aventuras. Rematar metida nun cubo amarelo de reciclaxe... non lle parecía un gran plan. Mais

moitos saben que, cando anoitece, estes cubos transfórmanse en lugares máxicos. E se o que tiramos ao lixo puidera ter outra vida? Unha historia para concienciarnos sobre o lixo que xeramos.

Dirixido a: infantil e primaria



Serrano, L. (2000).

Basura y más basura


Anaya

Preguntácheste algunha vez que pasaría se ninguén retirase o lixo? Así é como comeza esta aventura, onde os seus protagonistas explican os pasos a seguir para reciclar e poder



consumir dunha maneira responsable. Este libro pertence á colección Misión Planeta, adicada aos obxectivos da Axenda 2030 das Nacións Unidas para o Desenvolvemento Sostible.

Dirixido a: Infantil e Primaria.



Varas, J. (2006). **Los residuos no son basura**

Gobierno de Cantabria, Consejería de Medio Ambiente

Caderno didáctico ilustrado que recolle diferentes aspectos relacionados co lixo, os residuos sólidos urbanos, a súa xestión, o transporte e o seu

tratamento.

Dirixido a: primaria.

<https://bit.ly/3C0ndIG>



Viéitez, D. e Iglesias, I. (2016). **O raposo Rufo en o coidado do medio**

Embora

Rufo e os seus amigos amósannos por que debemos coidar o medio ambiente e como facelo. El quere concienciar á cativada da importancia de coidar o noso

mundo con pequenos xestos como é a reciclaxe de residuos.

Dirixido a: infantil e primaria.

Zinkia Entertainment (2010). **¡Qué divertido es reciclar! (Las aventuras de Pocoyó)**



Timun Mas

Pocoyó e os seus amigos deciden tirar os seus xoguetes e trastos vellos, ata que a Pocoyó se lle ocorre unha gran idea para reciclalos e darlles una segunda vida.

Dirixido a: infantil.

COMPOSTAXE



Álvarez, S. e Resnik, N. (2006). **La bacteria loca**

Diputación de Málaga
As bacterias termófilas teñen unha función esencial na descomposición dos residuos orgánicos, son as responsables de convertelos en abono fértil, quitando os xermes patóxenos, e nun rexenerador de solos

ou abono orgánico. A protagonista deste conto é unha bacteria que precisa que o todo o mundo coñeza a súa función na natureza.

Dirixido a: primaria.



Cechová, S. (2022) **František el del compost**

Barbara Fiore Editora
Cada un de nós ten o seu lugar no mundo. Aínda que ás veces nos sentimos pouca cousa, como unha pequena miñoca de terra que, en aparencia, está de máis. Unha historia para saber máis sobre estas extraordinarias criaturas.


Dirixido a: primaria.



Ciclo Verde (201-?). **El compost va al campo** Ciclo Verde

Conto educativo para colorear, para nenos de 5 a 8 anos, elaborado co fin de que os máis pequenos aprendan a importancia de reciclar a materia orgánica.


Dirixido a: infantil e primaria.



Gravel, E. (2021). **El gusano** Nube Ocho

Algúns din que son feos e outros desagradables, mais a función dos vermes é fundamental para a natureza, xa que descompoñen a materia orgánica para que a vida siga o seu ciclo.

Dirixido a: primaria.



Luna, C. e Ben, A. (2021). **Reciclaje orgánico: aventuras con Wiki y Kusu (Martina y Marcos: héroes del reciclaje)** Cometa Roja

Martina e Marcos están a disfrutar dun día de vacacións xogando no xardín cando, de repente, o Kiwi que ían comer cobra vida. É Wiki e, xunto a Kusu, unha miñoa, explicaranlles que é a materia orgánica, o importante que é reciclala correctamente e como o seu proceso de reciclaxe é o máis natural e sinxelo de todos.

Dirixido a: primaria.



Res2ValHUM (2019). **Aqueles monstros anciáns que viven baixo a terra** Res2ValHUM

A través deste divertido conto, os tres monstros anciáns Rufo, Pedro e Coco móstrannos que é o que fan durante o día: comerse o lixo das casas para convertelo en compost, un proceso que ben pode facerse nas fábricas ou que nós mesmos podemos elaborar na casa, sendo moi importante para as plantas e os animais.

Dirixido a: infantil e primaria

<https://bit.ly/3xzHUss>



Sévigny, E. (2011). **La magia del compost (Caillou, el club de la ecología)** Everest

A avoa ensina a Caillou un gran truco de maxia: como converter restos de comida, de herba cortada e peles de froita en abono para as plantas.

Dirixido a: infantil.



Villén, J. e Egea, R. (2020). **Dhor, el compostador** Consejo de Protección de la Naturaleza de Aragón

Namika é unha 'pajarika' protagonista desta historia máxica que se inicia un día calquera nunha fría neveira. Os residuos orgánicos que alí viven reúnen unha grande preocupación: que será dos seus restos cando sexan comidos?

Dirixido a: primaria.






Vola, N. (2022).
La desafortunada vida de las lombrices: breve tratado de historia natural

Libros del Zorro Rojo
Breve tratado natural que nos introduce no mundo das miñocas, seres en aparencia insignificantes, ignorados pola ciencia, a cultura, e incluso pola

sociedade. Quizá sorprenda saber que a miñoca ten unha forma cambiante, que se confunden a miúdo con orugas, que son apaixonadas das galerías subterráneas, que comen lixo, ou incluso que sobreviviu aos dinosaurios. Unha relectura en clave irónica da vida destes animais, convertíndoos en verdadeiros heroes do mundo natural.

Dirixido a: infantil e primaria.

HORTA ESCOLAR



Alejandro, R. (2018).
A horta de Simón

Kalandraka
Simón plantou moitas cenorias pero alguén lle suxeriu poñer tamén leitugas, tomates, berenxenas... e a horta tanto medrou, que se encheu de hortalizas e duns laboriosos agricultores moi especiais: o

rato, a galiña, o chibo, o porquiño, a raposa... O X Premio Internacional Compostela para Álbums Ilustrados é un eloxio ao traballo colectivo, á convivencia en harmonía e en contacto coa natureza.

Dirixido a: infantil e primaria.



Bone, E. (2018).
Todo empieza con una semilla: gran libro ilustrado: las plantas que nos sirven de alimento

Urborne Publishing
Case todo o que comemos crece a partir dunha pequena semente. Desde como crece a froita a partir das flores grazas

á polinización, ata a orixe das follas, as legumes ou os cereais. Un álbum ilustrado repleto de información sobre a orixe da comida.

Dirixido a: primaria.




Gaines, J. (2022).
¡Tenemos un huerto!

Alba Editorial
Neste libro ilustrado Joanna Gaines e os seus fillos relatan como comezaron a cultivar o seu propio horto familiar, as dificultades ás que se enfrontaron e todo o que aprenderon ata logralo. Unha

aventura inspiradora a probar cousas novas, non ter medo de cometer erros, e aprender que o traballo duro sempre ten recompensa.

Dirixido a: infantil e primaria.



Gerda, M. (2017).
Mi huerto

Algar Editorial
Sofía vive na cidade, pero pasa as vacacións en casa dos seus avós, no campo. Ten un magnífico horto con verduras. Sembrar, plantar, recoller... os avós ensinaranlle todo o necesario para ser unha boa

hortelana, como os misterios das plantas ou os segredos que se agochan baixo terra.

Dirixido a: infantil e primaria.



Kécir-lepetit, E. (2019).
Mi primer huerto

Lectio Ediciones

Como se de un bo plantel se tratase, nesta pequena guía ilustrada descubriredes todos os trucos e consellos para crear o primeiro horto no xardín ou no balcón. Unha guía de observación para aprender

a escoller as froitas e verduras máis sinxelas de cultivar e como asociar as plantas para atraer bichiños beneficiosos e alonxar parásitos.

Dirixido a: primaria e secundaria.




López de los Monteros Giner, A. e Martínez Mercant, M. (2015).
La vida del huerto ecológico

La Fertilidad de la Tierra

Comeza o día co canto do galo, e o horto ecolóxico espéranos para ser sementado e coidado. Canta actividade, cantas dúbidas ata que chegue

o momento da recolección! Iranse resolvendo con imaxinación, alegría e tempo para compartir neste horto tan vivo.

Dirixido a: primaria.



Messner, K. e Silas Neal, C. (2018).
Arriba en el huerto y abajo en la tierra

Editorial Corimbo

Enriba no horto, hai un mundo cor verde, coas súas follas e brotes, as súas verduras e froitas. Pero abaixo, na terra, hai outro mundo moi vivo onde

viven vermes que fan túneles, serpes que van de caza, mofetas que contrúen madrigueiras e moitos outros animais. Este libro ilustrado mostra as marabillas e os seres vivos que se agochan baixo o noso horto.

Dirixido a: infantil e primaria.



Millán, B. (2022).
O gran libro da nosa horta
Cumio

Ter unha horta na casa está ó alcance de calquera. Só precisas saber algunhas cousas e poñerte mans á obra. Neste álbum ilustrado divulgativo atoparás todo o que precisas saber para creares a túa horta

na casa e dende cero. Coñecerás o lugar perfecto para ela, os procesos de semente e colleita e os cultivos que podes poñer en cada época do ano para así ter froitas e verduras frescas cada día.

Dirixido a: infantil e primaria.



Rothman, J. (2017).
La vida en el campo: saberes y curiosidades para disfrutar fuera de la ciudad

Errata Naturae

Guía visual sobre a vida no campo para aprender todo o necesario para levar unha existencia lonxe do asfalto.

Pensada para traer un cachiño de campo á túa casa, nela atópanse un sinfín de curiosidades, anécdotas e ata receitas para gozar da sabedoría e os praceres da vida rural, entre os que destacan o placer de crear un horto ecolóxico.

Dirixido a: primaria e secundaria.

DOCUMENTAIS E VÍDEOS DIDÁCTICOS

[Documentais e recursos
audiovisuais didácticos
para visualizar nas aulas]



RESIDUOS URBANOS



Animal Planet (2011). **Los animales salvan el planeta**

Animal Planet

O problema do lixo tamén chega aos bosques e aos espazos naturais. Os animais sofren as súas consecuencias.

Dirixido a: primaria e secundaria.

<https://bit.ly/39NYv2t>



ASPAPPEL (2005). **Tu papel es reciclar**

ASPAPPEL

Película de animación sobre o ciclo sostible do papel para familiarizar ao alumnado cos hábitos da reciclaxe. Inclúe unha guía didáctica para traballar na aula.

Dirixido a: primaria.

Vídeo: <https://youtu.be/-pKLhTLrfl>

Unidade didáctica: <https://bit.ly/3CkDo3F>



Ayuntamiento de Madrid. (2020). **La economía circular**

Ayuntamiento de Madrid

O modelo económico e industrial actual non é sostible. Para tratar de paliar este problema, podemos aplicar a economía circular. Neste vídeo animado veremos en que consiste a economía circular e que podemos facer nós dende a nosa casa.

Dirixido a: secundaria.

<https://bit.ly/3AnT5pU>



Baker, M. e Astley, N. (prods.) (200-?). **Reciclaje (Pepa Pig)**

Rubber Duck Entertainment

Peppa e George axudan a Mama Pig a limpar despois do almorzo. Mamá Pig ensínalles como reciclar as botellas e os xornais.

Dirixido a: infantil e primaria.

<https://bit.ly/41i51ls>



Cutts, S. (prod.) (2012). **Man**

Steve Cuts

O paso do home pola Terra en tan só 3 minutos. É tempo de reaccionar, o noso planeta non é indestrutible.

Dirixido a: primaria e secundaria.

<http://bit.ly/1eZzyhJ>



Los Colorados. (2010). **Reducir, Reutilizar y Reciclar**

Los Colorados

Vídeo musical para concienciar sobre que podemos facer dende a nosa casa para empregar as 3R: reducir, reutilizar e reciclar.

Dirixido a: infantil e primaria.

<https://bit.ly/3jlmowG>



Dannoritzer, C. (dir.) (2011). **Comprar, tirar, comprar: la historia secreta de la obsolescencia programada**

RTVE

Reveladora historia que explica por que os produtos que mercamos duran cada vez menos,

detallando a programación da obsolescencia dos obxectos para incrementar o consumo.

Dirixido a: secundaria.

<https://bit.ly/2ZgzBGx>




Ecoembes (2013). **Basuria** Ecoembes

Cortometraxe baseado no conto 'Basuria', gañador do II Concurso Nacional de Contos de Ecoembes.

Dirixido a: infantil e primaria.

<https://bit.ly/3IAQzqC>




Ecoembes (2016). **La Península Ivérdica** Ecoembes

Cortometraxe baseado no conto 'La Península Ivérdica', gañador do V Concurso Nacional de Contos de Ecoembes.

Dirixido a: infantil e primaria.

<http://bit.ly/2k3yCzJ>



Ecoembes (2014). **Los nuevos vecinos** Ecoembes

Cortometraje baseado no conto 'Los nuevos vecinos', gañador do III Concurso Nacional de Contos de Ecoembes.

Dirixido a: infantil e primaria.

<https://bit.ly/3IOHbzM>



Ecoembes (2015). **Los recicladores nocturnos** Ecoembes

Cortometraxe basado no conto 'Los recicladores nocturnos',

gañador do IV Concurso Nacional de Contos de Ecoembes.

Dirixido a: infantil e primaria.

<https://bit.ly/3baUuWf>



Ecovidrio (2014). **Mr. Iglú y la cadena de reciclaje de vidrio** Ecoembes

Cortometraje de animación dirixido ás escolas sobre a importancia da reciclaxe de vidro.

Dirixido a: infantil e primaria.

<https://bit.ly/3Aq79zz>



Federación Española de Municipios y Provincias. (2017). **Los Gobiernos Locales, ante el reto de una gestión de residuos**

sostenible

Federación Española de Municipios y Provincias

O modelo de producir, consumir e tirar non é sostible. Na búsqueda dunha solución, os concellos optan por unha economía circular baseada en producir, consumir e reciclar.

Dirixido a: secundaria.

<https://bit.ly/3Cj75Tx>



Gallego, J. L. (2011) **Los residuos no son basura** RTVE

Capítulo da serie 'Naturalmente' de TVE adicado a xestión dos residuos urbáns.

Dirixido a: secundaria.

<https://bit.ly/2Zyxiit>





Grande, A.R. e Rojo, D. (dirs.) (2015). **Trashformation: un corto sobre reciclaje**
RTVE

Entre a contaminación e os residuos que invaden a cidade dos nosos protagonistas, uns poucos habitantes da zona deciden probar a separar o lixo que lles rodea. Corto gañador da primeira edición de 'Madrid Arte Recicla' na sección audiovisual.

Dirixido a: primaria e secundaria.

<http://bit.ly/2iEzePY>




Instituto Tomás Pascual Sanz (2017). **La importancia de reciclar**
Instituto Tomás Pascual Sanz

Mediante a reciclaxe, axudamos ao medio ambiente e, á vez, coidámonos a nós mesmos. O respecto á contorna natural e, en definitiva, ao noso planeta, tradúcese en saúde para nós.

Dirixido a: primaria e secundaria.

<https://bit.ly/3Axokj2>



LlobreGats Asociación (2021). **A familia Soste-Nible**
LlobreGats Asociación
Mini serie sobre a economía circular que recolle consellos e trucos para reducir, separar e

para depositar correctamente os residuos caseiros nos colectores. Converter os residuos en recursos para evitar que terminen contaminando a nosa contorna é un dos obxectivos destes vídeos didácticos. Dispoñibles nos diferentes idiomas do estado español.

Dirixido a: primaria.

<https://bit.ly/3Cr7nac>



Lloréns, P. (dir.). (2009). **El ultimátum evolutivo**
SETEM Comunitat Valenciana

Corto sobre o consumo responsable que mostra as causas e o impacto sobre o medio ambiente e as persoas, ao respecto do noso consumo excesivo e irresponsable, ademais de provernos de alternativas rápidas e positivas que podemos practicar cada un de nós na vida cotiá.

Dirixido a: primaria e secundaria.

<https://bit.ly/2XyptYF>



Martínez Báez, R. (2014). **Historia diaria**
EcoFilm Festival

Un pequeno envase de zume abandonado percorre a cidade tratando de atopar un lugar ao cal pertencer. Un corto de animación para reflexionar sobre a problemática do lixo.

Dirixido a: primaria e secundaria.

<https://bit.ly/3NqmlQp>




Reyes García, R. D. (2014). **La máquina**
EcoFilm Fest

Don Juan móstralle ao seu fillo a nova máquina que inventou. O que non sabe é o caos ecolóxico que causará, debido principalmente aos residuos que xera. O pequeno Diego propoñerá un plan para resolver o problema.

Dirixido a: primaria e secundaria.

<https://bit.ly/3NkEq7S>






Ronsel de Ideas (prod.)
(2012). **Planeta verde**
SOGAMA

A familia extraterrestre de Lucas viaxa ao espacio para amosarlle o que alí se atopa.

Cando se achegan á Terra decátanse que nese planeta, tan afastado, tamén hai problemas, e que moitos dos seus habitantes non se dan de conta de que coidar da natureza é tarefa de todos.

Dirixido a: infantil e primaria.

<http://bit.ly/2jC56UK>




SOGAMA (2017).
Os tres erres
SOGAMA

Vídeo didáctico protagonizado polos Bolechas

sobre as tres erres: reducir, reutilizar e reciclar.

Dirixido a: infantil e primaria.

<https://bit.ly/3zuVkBb>



SOGAMA (2016).
Vídeo educativo
SOGAMA

Vídeo que pretende reflexionar sobre o impacto ambiental que

xera o modo de consumo da sociedade actual e os nosos hábitos de mercar, usar e tirar.

Dirixido a: primaria e secundaria.

<https://bit.ly/3CrcgQA>



Tides Foundation (2009).
La historia de las cosas

The Story of Stuff Project


Dende a súa extracción ata a súa venda, uso e disposición, todas as cousas que hai nas

nosas vidas afectan ás comunidades. Este

cortometraje expón as conexións entre unha grande cantidade de problemas ambientais e sociais, o lado escuro dos nosos patróns de produción e consumo.

Dirixido a: secundaria

<https://bit.ly/2Z53nhg>



Tostado Arévalo, R.
(2014). **La misma canción**
EcoFilm Festival

Vídeo que expón a magnitude do problema do lixo a través dun idioma universal: a música. Exposto no Ecofilm Festival, no xénero Hip Hop, dirixido aos xoves.

Dirixido a: primaria e secundaria

<https://bit.ly/3NpbIMH>



Zentuz Kontsumitu.
(2010).
La Cesta de Caperucita
Zentuz Kontsumitu

Este conto, a modo de vídeo, pretende ser un recurso didáctico que incite ao debate sobre o consumo consciente e responsable, falando do comercio xusto e da soberanía alimentaria.

Dirixido a: secundaria


<https://bit.ly/3xvCUoB>

COMPOSTAXE



Amigos de la Tierra
(2014). **Reduce, reutiliza, composta**

Amigos de la Tierra
A compostaxe é unha simple práctica para crear abono? Non, a compostaxe é



moito máis, é un sistema de xestión de residuos que reduce os refugallos e a pegada ecolóxica.

Dirixido a: primaria e secundaria.

<http://bit.ly/2jbOq3p>



Artelatz (dir.) (2013). El compostaje doméstico: una práctica que engancha
Mancomunidad de Txingudi

Vídeo sobre como compostar residuos orgánicos, a modo de guía audiovisual de boas prácticas.

Dirixido a: secundaria.

<http://bit.ly/2jOTmf1>



Ayuntamiento de Madrid. (2020). Compra sostenible
Ayuntamiento de Madrid

Vídeo animado que mostra algúns consellos a seguir antes, durante e despois de realizar a compra, e á hora de cociñar. Así poderemos realizar unha compra sostenible, evitando o desperdicio alimentario.

Dirixido a: secundaria.

<https://bit.ly/3CIYyzc>



Baker, M. e Astley, N. (prods.) (200-?). Compost (Pepa Pig)
Clan

Papa Pig está preparando sopa de verduras para o almorzo. Cos seus pais, Peppa e George aprenden a separar os residuos orgánicos para facer compost.

Dirixido a: infantil e primaria.

<http://bit.ly/2k3Oe6d>



Composta en Red (2021). Vídeos formativos de Composta en Red
Composta en Red

Colección de vídeos da coordinadora de entidades locais de todo o Estado que desenvolven experiencias de compostaxe doméstico e comunitario. Inclúe información sobre o proceso da compostaxe, os seus beneficios económicos, e a implantación de proxectos e experiencias exitosas.

Dirixido a: secundaria.

<https://bit.ly/3AE23js>



iPlanet (2011). Residuos orgánicos
iPlanet

Vídeo informativo acerca da problemática dos residuos orgánicos. Se nos facemos cargo do lixo orgánico, eles mesmos se encargarán de pechar o ciclo.

Dirixido a: primaria e secundaria.

<https://bit.ly/3oXCwid>



Laesponja (2012). Compostaje doméstico
SOGAMA

Un dos principais problemas aos que a sociedade actual se enfrenta é a xestión e tratamento dos residuos. Este vídeo mostra os beneficios da compostaxe.

Dirixido a: secundaria.

<http://bit.ly/2iMGpRk>



COGERSA (2020). ¿Qué residuos compostar?
COGERSA

Vídeo explicativo sobre os residuos orgánicos que deben



depositarse ou non no composteiro doméstico.

Dirixido a: primaria e secundaria.

<https://bit.ly/3BIJATH>



Res2ValHum. (2018).

Compostaje

SOGAMA

Compostar é someter a materia orgánica do

lixo doméstico en fermentación para obter compost. De maneira gráfica e sinxela, podemos seguir neste vídeo os pasos para obter compost mostrando as vantaxes que presenta e apostando por un tratamento ecolóxico sostible.

Dirixido a: primaria e secundaria.

<https://bit.ly/3s3c5as>



SOGAMA. (2013).

Landriño y el compostaje


SOGAMA

O protagonista desta historia, Landriño, fai un oco na súa

apretada axenda para explicarnos en que consiste o proceso da compostaxe.

Dirixido a: primaria.

<http://bit.ly/2iVIVb5>



SOGAMA. (2021). **Unha historia sobre a compostaxe**

SOGAMA

Lola non sabe nada sobre o compostaxe, mais comeza a

súa aprendizaxe grazas as explicacións do seu pai e do colexio. Neste vídeo damos a coñecer todo sobre esta forma de tratamento de residuos orgánicos, a súa importancia e beneficios.

Dirixido a: primaria.

<https://bit.ly/3jpn0qV>



Vila Sésamo (2014).

Compost


Sésamo

Sabías que os desperdicios como as mondas da froita e o resto do material orgánico

sirven para crear compost? Con el poderemos sembrar máis plantas e árbores! Coñece os seus beneficios cos personaxes do barrio Sésamo.

Dirixido a: infantil e primaria.

<http://bit.ly/2iMBeAX>



Wonham, A. G. (dir.)

(2016). Desecho en barbecho (El Escarabajo Verde)

RTVE

A xestión dos residuos é un reto urbanístico e ambiental, que teñen todas as cidades modernas. Este programa narra a 1ª experiencia piloto de recuperación e agrocompostaxe de materia orgánica, auspiciada por varias plataformas cidadás, apoiada polo goberno de Madrid.

Dirixido a: secundaria.

<https://bit.ly/3v9deid>

HORTA ESCOLAR



Astley, N. e Baker, M.

(201-?). El huerto de la guardería (Peppa Pig)

Rubber Duck

Entertainmet

A mestra leva a Peppa Pig e os seus compañeiros ao horto para dar as clases ao aire libre. Alí todos os nenos e nenas cultivan plantas.

Dirixido a: infantil.

<https://bit.ly/452r1bu>





Diario dun neno labrego


Youtube

Canal de Youtube adicado ao traballo na horta e o horto urbano, para aprender a

cultivar de forma ecolóxica e respectuosa con nós e a nosa contorna. Nel atópanse vídeos de como facer un sementeiro, como plantar hortalizas, como facer insecticidas ou abonos ecolóxicos, entre outros.

Dirixido a: primaria e secundaria.

<https://bit.ly/45flb6i>



Grocin, R., García Pedraza, N. e Olcina Alvarado, M. (gui.) (2017). **Agricultura de proximidade: a la huerta de la**

esquina

FUHEM

A comida que mercamos no supermercado ven de lugares lonxanos. Que pasaría se desaparecesen os avións e os camiós que nos traen a comida? Salustiano cóntanos a súa experiencia de cultivar un horto preto da cidade, axudando a mitigar o cambio climático. Este conto animado pretende explicar que é esta agricultura de proximidade.

Dirixido a: infantil e primaria.

<https://bit.ly/45n87f1>




Grocin, R., García Pedraza, N. e Olcina Alvarado, M. (gui.) (2017). **Agricultura ecolóxica: cuidar las raíces**

FUHEM

O pai de Mariana a hortelana comezou a empregar pesticidas e herbicidas para aumentar a produción da súa granxa. Que fará Mariana cando descubra que o seu solo está contaminado? Este conto de animación pretende explicar que é a agricultura ecolóxica.

Dirixido a: infantil e primaria.

<https://bit.ly/3qqNEr2>



Grocin, R., García Pedraza, N. e Olcina Alvarado, M. (gui.) (2017). **Agricultura Liliput: las grandezas de la pequeña**

producción

FUHEM

Os e as agricultoras da comarca de Roberto confiaron as súas colleitas a grandes intermediarios para poder vender os seus produtos en grandes supermercados. Pero algo comezou a ir mal... Roberto, o hortelán, cóntanos que fixeron para recuperar os seus hortos. Este conto de animación pretende explicar que é a agricultura Liliput, sen intermediarios.

Dirixido a: infantil e primaria.

<https://bit.ly/3OT5Cfl>



La huertina de Toni

Youtube

Canal de Youtube onde se pode atopar información de como sementar, como facer sementeiros, como trasplantar, como coidar os frutais, experimentos e remedios orgánicos, insectos beneficiosos para o horto, e moito máis...

Dirixido a: primaria e secundaria.

<https://bit.ly/3Yx1Jjb>






Junta de Andalucía **Producción ecológica**

Youtube

Espazo deseñado para o coñecemento e fomento da produción ecolóxica, aglutinando de forma gráfica a diversidade de iniciativas colectivas que se veñen realizando ao longo do tempo.

Dirixido a: primaria e secundaria

<https://bit.ly/3OSu3ti>



Klein, D. (dir.) (201-?). **El huerto (Pat el perro)**

Superprod Animation,
Animoka

Pat é o fiel compañeiro de Lola, un can co que vive aventuras co obxectivo de axudar a calquera que o necesite. Este capítulo está adicado ao horto. Dispoñible na plataforma Clan de RTVE.

Dirixido a: infantil

<https://bit.ly/45rdBFP>



Farming First (2012). **La historia de agricultura y la economía verde**

Farming First

Vídeo animado que explica a importancia da agricultura para a economía verde, axudando a recudir os riscos ambientais e degradación da natureza.

Dirixido a: secundaria

<https://bit.ly/442ZO7d>



Mateo Rodenas, M. e Bravo Román, E. (2018). **La huerta de la esquina**

Adiovisuales La Huerta

Serie documental de once capítulos que quere axudar á cidadanía a comprender a necesidade que ten de traballar, respectar e coñecer a terra da cal depende. Nel recóllese a experiencia de persoas e colectivos que demostren que as hortas urbanas lles axudaron a solucionar situacións insostibles, provocadas pola falta, que existe nas cidades, de conexión coa natureza.

Dirixido a: primaria e secundaria.

<https://bit.ly/3QHCS3M>



O'Rorke, C. (2022). **Urban Greening: la ciudad del futuro es verde**

National Geographic

Capítulo da serie 'Otro mundo es posible' de National Geographic, para aproximarse aos centros urbanos e coñecer tres iniciativas e proxectos que achegan a natureza e a agricultura ás grandes urbes. Tres historias para renaturalizar as cidades, porque a cidade do futuro ten que ser verde.

Dirixido a: primaria e secundaria.

<https://bit.ly/45sDdCd>



Solarpedia (2022). **Permacultura: una agricultura sostenible y permanente**

Youtube

Mini vídeo documental que explica que é a permacultura e onde xurde, cales son os seus principios éticos e rectores, beneficios para a biodiversidade, e desafíos aos que se enfrenta.

Dirixido a: primaria e secundaria.

<https://bit.ly/3KHwJY0>



CENTRO DE DOCUMENTACIÓN
AMBIENTAL
DOMINGO QUIROGA

[Servizo de documentación e
biblioteca verde do CEIDA]



O CENTRO DE DOCUMENTACIÓN

- É a biblioteca verde do CEIDA, especializada en temática ambiental.
- Forma parte da Rede de Centros de Información e Documentación Ambiental ([RECIDA](#)), con máis de 150 bibliotecas e centros especializados no campo do medio ambiente de todo o estado español.



QUE FONDOS ALBERGA?

- Libros, revistas, películas e documentais, recursos multimedia, folletos, literatura gris e recursos electrónicos.
- A educación ambiental, a conservación e o desenvolvemento sostible son as súas principais áreas temáticas.
- O catálogo en liña está dispoñible en: <https://documentacion.ceida.org>

QUE SERVICIOS OFRECE?

- Préstamo en sala ou por correo postal.
- Salas de estudo ou traballo.
- Búsqueda especializada de documentación.
- Edición de guías de recursos.
- Maletas viaxeiras.
- Ciclo de cine Butaca Verde.
- Actividades de sensibilización ambiental e promoción da lectura verde.

PARA QUEN?

- Persoal docente, profesionais da educación ambiental, intérpretes do patrimonio.
- Persoal técnico vinculado á xestión ambiental.
- Colectivos ambientalistas.
- Estudantado vinculado ás áreas de bioloxía, ciencias ambientais, ciencias do mar...
- Público xeral interesado.


ONDE SE ATOPA?

Antigas cabalarizas do Pazo de Lóngora.
Rúa Casares Quiroga, 29. Liáns (Oleiros, A Coruña).



MÁIS INFORMACIÓN

- documentacion@ceida.org
- 981 630 618.
- [Web](#)



SE CHE RESULTOU ÚTIL ESTA GUÍA... aquí deixamos outras guías que tamén poden ser do teu interese...



Guía de Recursos Educativos sobre Lixo Mariño

Elaborada polo Centro de Documentación do CEIDA no marco do programa 'Para unha Transición Ecolóxica', pon a disposición tanto dos profesionais da educación, formal e non formal, como das familias, unha selección de documentos cos que traballar a problemática do lixo mariño en todos os niveis educativos.

<https://bit.ly/48cTnAT>



Guía de Recursos Educativos sobre Cambio Climático

Elaborada pola rede de centros de información e documentación ambiental (RECIDA), coa participación do Centro de Documentación do CEIDA, prentede que o profesorado, alumnado e familias teñan a man recursos variados para coñecer, xogar, ou facer actividades sobre o cambio climático.

<https://bit.ly/3FTk7Jk>



Verde que te Leo Verde: Guía de Literatura Infantil, Medio Ambiente y ODS

Elaborada pola rede de centros de información e documentación ambiental (RECIDA), coa participación do Centro de Documentación do CEIDA, recompilan fundamentalmente contos, novelas e cómics que sirven como recurso para a educación e sensibilización ambiental.

<https://bit.ly/3DR0BeP>



